

## Greenpeace evidencia os perigos da planta de cloro de Elnosa para os galegos e o seu medio ambiente

O estudo, o primeiro destas características realizado en España, analiza a grave contaminación que xera este sector industrial coa convivencia da clase política  
29 outubro 2008

España - Greenpeace presentou hoxe o informe **A industria do cloro: contaminación silenciosa** no que se pon en evidencia a grave contaminación, aparentemente invisible, que xera este sector industrial cuxa toxicidade permanece ao longo dos anos deteriorando lentamente a saúde dos cidadáns e o medio ambiente (1).



Paradoxalmente, este sector contamina para producir un contaminante como é o cloro, cuxo uso, a día de hoxe, non está xustificado xa que existen elementos e técnicas para substituílo sen prexudicar á poboación e ao medio natural.

No que supón o primeiro estudo destas características realizado en España, a organización ecoloxista realizou mostraxes de auga e sedimentos nos arredores das nove plantas produtoras de cloro que operan en España (2). Oito dela utilizan unha tecnoloxía obsoleta, denominada de celas de mercurio, unha técnica moi contaminante que libera ao medio ambiente grandes cantidades de elementos tóxicos, polo que foi abandonada pola maioría de países, ata o punto que as fábricas españolas

representan o 20% das que utilizan esta técnica en Europa.

### O caso galego

Elnosa comezou a súa actividade na ría de Pontevedra no ano 1966 e ata 2003, esta planta que opera con **celas de mercurio vertía os seus efluentes a través dunha canle xunto á praia fronte as súas instalacións** (unha praia onde actualmente se marisquea con frecuencia), en Punta Praceres.

As verteduras son agora descargados na ría de Pontevedra a través dun emisario submarino cuxo saída sitúase fronte á illa de Tambo, polo que non foi posible recoller mostras da nova tubaxe nesta ocasión.

Con todo, e a pesar destas limitacións e do tempo transcorrido desde as últimas verteduras xunto á planta, a mostra de sedimento recollida na praia adxacente á antiga canle en desuso contén 1,5 mg/kg de mercurio. Trátase dunha contaminación que persistiu cinco anos polas verteduras históricas a esta zona intermareal, na que hoxe se marisquea.

“**A industria produtora de cloro é un sector moi contaminante**, e neste estudo evidenciábase esta realidade: Elnosa opera pondo en risco a saúde dos galegos e o medio ambiente da rexión”, declarou Sara do Río, responsable da campaña de contaminación de Greenpeace.

### “licenza para contaminar”

A pesar das recomendacións europeas e de convenios internacionais para acabar coa tecnoloxía de celas de mercurio antes do ano 2010, o Goberno español asinou un acordo coa industria que lle permite seguir utilizando esta tecnoloxía ata o ano 2020, sen ter que empregar as Melloras Técnicas Dispoñibles (MTD), que establece a Directiva Europea de Prevención e Control Integrado da Contaminación.

“O máis preocupante é que estas industrias contan co beneplácito dos poderes públicos para seguir contaminando libremente e manifestaron abertamente a súa intención de non investir nas técnicas máis limpas existentes e de ata sortear, se fose necesario, a lexislación que limita as súas emisións”, declarou Juan López de Uralde, director de Greenpeace.

Tras analizar os datos obtidos, Greenpeace considera que a única solución eficaz para atallar este grave problema é endurecer os controis por parte das administracións e propiciar a substitución paulatina das sustancias, materiais e tecnoloxías máis contaminantes, para o que a promesa do Goberno de crear unha Axencia de Sustentabilidade Química, non debe facerse esperar máis.

#### Notas:

(1) As mostras analizáronse nos laboratorios da Unidade Científica de Greenpeace na Universidade de Exeter (Reino Unido). Destas análises xurdiu o estudo científico [http://www.greenpeace.to/publications/spain\\_chloralkali\\_2008.pdf](http://www.greenpeace.to/publications/spain_chloralkali_2008.pdf), que é a base deste informe.

Os tres parámetros analizados en cada unha das mostras tomadas centráronse en metais pesados, compostos orgánicos volátiles e organoclorados, característicos desta industria.

(2) As mostras recolléronse en Lourizán (Pontevedra), Hernani (Bizkaia), Torrelavega (Cantabria), Monzón e Sabiñánigo (Huesca), Palos de la Frontera (Huelva), Flix e Vila-seca (Tarragona) e Martorell Barcelona).

O informe en pdf pode ser descargado no seguinte enlace: [Informe cloro](#)

#### Tradución da APDR ao galego do artigo orixinal en:

<http://www.greenpeace.org/espana/press/comunicados/greenpeace-evidencia-los-pelig-4>